

# Asamblea Xeral Extraordinaria da Federación Galega pola Cultura Maritima e Fluvial.

Cambados a 28 de outubro de 2.006

Hora: 17,00 Primeira Convocatoria  
17,30 Segunda Convocatoria.

Lugar: Avda. Galicia, s/n. Cambados.  
Sede da FGCMF.

## ORDE DO DÍA:

- 1º Lectura Acta anterior. Aprobación si procede.
- 2º Ratificación Candidatura VIII Encontro E. T. de Galicia. Ferrol 2007
- 3º Autorización a Xunta Directiva para a Contratación de Persoal  
Convenio Consellería de Cultura
- 4º Candidatura as Axudas Fundación Barrié. FGCMF. I.E. Miñoranos.
- 5º Solicitud da Asoc. Calmoseira (Vilanova de Arousa) para formar parte da FGCMF.
- 6º Asuntos Varios.

Comeza a Asamblea ás 17,30 en segunda convocatoria ó non haber o quórum necesario na primeira convocatoria ás 17,00 horas.

A mesa que preside a Asamblea está formada polos seguintes membros da Xunta Directiva:

Presidente:	Fernando Piñeiro Oubiña.
Vice-Pres. 2º	João Paulo Moreira Batista.
Secretario	Uxío Allo García.
Tesoureiro	Javier Moraña Fontán.
Vocal	Manuel Alonso Varela.
Vocal	Arturo Loureiro Fernández.

Escusan a súa ausencia Francisco Fernández Rei, por ter outro compromiso ineludible e Oswaldo Davila, por razóns de saúde.

Asisten as seguintes representacións: RCN. Sanxenxo, AETG A Coruña, A. Sueste, A Sodiña, A. Sodinautica, A. Vilaxoan, A. Breadouro, A. S.M. Bouzas, ADM. O Grove, CM. Ferrol, CM. Salnés, AD. Portonovo, Os Galos de Bueu, A. Fasquía, ACD. Dorna, IE. Miñoranos e Asoc. Rabandeira. (1) Cabo de Cruz.

**Punto 1º.** Por parte do presidente, dase lectura o acta da Asamblea anterior, que non presenta obxeccións, resultando aprobada.

**Punto 2º.** Comunicada por parte da Xunta Directiva a decisión de otorgar o Club de Mar do Ferrol a organización do VIII Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, decisión que é ratificada de xeito unanime polos presentes.

Agradeceselle a Vilaxoán o seu interés e traballo por acadar a celebración do VIII Encontro.

Do mesmo xeito Vilaxoan agradece a FGCMF. a oportunidade de participar na selección e desexalle a Ferrol boa fortuna na realización do seu cometido.

Bernardo Maiz, en representación do Club de Mar de Ferrol, toma a palabra e agradece a FGCMF. e asociados o confianza que neles se deposita e fai unha declaración de intencións sobre o que poderá ser o Encontro en Ferrol e da conta de xestións que xa ten realizado.

**Punto 3º** Autorización a Xunta Directiva para a Contratación de Persoal Convenio. Consellería de Cultura.

Pola Xunta Directiva informase de que existe unha proposta da Consellería de Cultura para a celebración de un convenio de colaboración entre ambas dúas entidades. O convenio tería dúas partes: a 1ª especifica para o proxecto que cegaría ata Brest 2008 e a 2ª, mais xenerica de colaboración entre as Entidades.

De estes convenios establécese a posibilidade da contratación de persoal, que axude o desenvolvemento de proxectos e mesmo que os leve a cabo.

Informada a Asamblea a aclaradas as dúbidas, unanimente se consinte a Xunta Directiva para que firme os convenios e contrate persoal si o estima oportuno.

**Punto 4º.** Candidatura as Axudas Fundación Barrié. FGCMF. I.E. Miñoranos.

O Instituto de Estudos Miñoranos solicita a FGCMF. que presente diante da Fundación Barrié de la Maza un proxecto de estudo sobre " Os nomes do mar, Macro e micro toponimia de Miño o Eo. O proxecto será presentado pola FGCMF. pero de resultar elegido, o IE Miñoranos, serán os encargados da súa realización. Comentáselles que é un proxecto de moita envergadura, perto dos 300.000,00 € e que a FGCMF. deberá ter control sobre o orzamento e a execución dos diferentes proxectos.

Sometido a votación entre os asistentes prodúcese o seguinte resultado:

Votos a favor: 11.

Votos en contra: 0

Abstencións: 6 (AETG A Coruña, A Sodiña, Sodinautica, A. Vilaxoan, CM. Ferrol e CM Salnés).

(1) Incorpórase a Asamblea. Logo da votación Cabo da Cruz.

**Punto 5º.** Solicitud da Asoc. Calmoseira (Vilanova de Arousa) para formar parte da FGCMF.

O seu vice-presidente Xerardo Portas Rodríguez, pon de manifesto as razóns que os impulsa a creación desta asociación e a solicitude de ingreso na FGCMF.. O motivo fundamental, basease na traxectoria de compromiso co patrimonio marítimo, no ano 2005, recuperaron unha Dorna de singular fasquía, que atoparon nunca xunqueira de Noia. Agora o proxecto e superior, tratase de recuperar un galeón, que actualmente esta adicado a auxiliar de batea.

Como queira que a súa laboura xa é coñecida entre os membros da FGCMF, sometese a votación o seu ingreso, o cal e acordado por unanimidade.

**Asuntos Varios.** Non se producen comentarios que desexen ser reflectidos en acta.

Sin mais asuntos que tratar, dase por rematada a Asamblea as 20,45 horas do día da data.

Asdo.

Uxío Allo García

Secretario

Vº Prace.

Fernando Piñeiro Oubiña

Presidente.